

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CUADRAXÉSIMA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar co Concello de Ribadavia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic da cuadraxésima edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2024, que baixo o lema "Edición Espello" se desenvolverá nesta poboación ourensá do 19 ao 27 de xullo de 2024, nunha edición coa que se pretende facer unha profunda reflexión sobre a acción da MIT e sobre a súa relación co contexto ao cal serve e que trae a Galicia grandes mestres da creación contemporánea como a coreógrafa Allice Ripoll ou o director de escena chileno Gabriel Calderón, que avanza na relación coas compañías galegas a través das coproducións e que incide nas actividades de mediación a través dos foros da MIT, a expansión do programa de rúa e as relacións co ámbito académico do festival.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer, e a MIT de Ribadavia sitúa no mapa do turismo cultural sostible e innovador o verán galego como un selo diferencial de calidade no conxunto dos festivais europeos. A súa posición histórica, de tradición e vangarda, e o patrimonio histórico artístico en que se celebra fan do festival un proxecto único e de gran potencial e atractivo.

A Agadic decide participar no financiamento deste programa por tratarse dunha actividade de primeira liña na nosa Comunidade, dunha das marcas culturais xa consolidadas en Galicia. A MIT de Ribadavia é un símbolo histórico, tradición de Abrente herdada como oportunidade para consolidar unha marca de prestixio grazas a toda a súa potencialidade pero tamén á innovación da xestión, a sobretitulación de



espectáculos internacionais, os talleres de formación ou o diálogo exterior nun contexto de fluxo activo con outras alianzas consolidadas de teatro contemporáneo de verán.

Na liña de recuperación da nosa cultura e co fin de acadar unha maior eficacia na consecución dos nosos obxectivos de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega e dado o interese común na posta en marcha tanto de novos programas coma de mellora dos xa existentes, é polo que se artella este convenio entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Ribadavia que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades teatrais que enriquecen, sen dúbida, o noso patrimonio cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

